

## PROCEDIMIENTO PARA CAMBIO DE GRUPO

(Aprobado en Comisión Permanente do 06/09/2022)

Os cambios de grupo responderán exclusivamente a circunstancias excepcionais debidamente acreditadas. Na medida do posible, manterase o equilibrio numérico entre os grupos co fin de garantir o adecuado funcionamento docente.

1. Podes atopar a solicitude e as instrucións de cambio de grupo, no seguinte enlace: <http://fcee.uvigo.es/o-centro/normativa-e-formularios>.
2. **Prazo de solicitude:** O cambio de grupo deberá solicitarse durante a primeira semana de docencia. **Non serán admitidas solicitudes fóra de prazo.**
3. As solicitudes, xunto con toda a documentación necesaria para xustificar o cambio de grupo, serán remitidas/entregadas ao docente responsable do cambio solicitado pola vía de comunicación indicada polo mesmo (email, casillero, moovi).
4. **COMPROBA QUE:**
  - a. Marcaches o motivo do cambio.
  - b. Entregas a documentación acreditativa necesaria **(non se tramitará ningunha solicitude que non teña a documentación completa)**
  - c. Asinaches a solicitude.
5. O docente da materia afectada será o responsable de autorizar o cambio tendo en conta as causas aprobadas en Comisión Permanente (\*) e garantindo a equidade/equilibrio dos grupos establecidos (ou ben garantindo a calidade da docencia a impartir).
6. **Data límite para a resolución das solicitudes:** transcorridos 7 días laborables desde o inicio da actividade docente (para o curso académico 22-23, data límite o 16/09/2022)
7. O docente será o responsable de comunicar polo medio que estime oportuno a resolución das solicitudes.

### \* CAUSAS PARA SOLICITAR CAMBIO DE GRUPO:

- **Ocupar un POSTO DE TRABAJO**
  - *Documentación xustificativa: copia contrato de traballo E vida laboral.*
- **Estar sometida/o a TRATAMIENTO MÉDICO;** Garda ou custodia de **FILLOS/AS** menores de 12 anos ou **FAMILIARES DEPENDENTES** a cargo.
  - *Documentación xustificativa: Segundo o caso, deberase xuntar o xustificante médico, copia do libro de familia...*
- **Vivir/residir habitualmente nunha poboación que implique a utilización de medios de transporte público** e que os horarios dese TRANSPORTE público fagan imposible acudir á clase no horario asignado.
  - *Documentación xustificativa: Horario do servizo de transporte público, selado, e certificado de residencia.*
- **INCOMPATIBILIDADE DE HORARIO** entre materias de diferentes cursos.
  - *Documentación xustificativa: Horarios onde se vexa a incompatibilidade dos grupos e xustificante de estar matriculado nas materias que se solicitan.*
- **PERMUTA** entre estudantes:
  - *Documentación xustificativa: As solicitudes dos/as interesados/as que serán entregadas conxuntamente.*
- **GRUPO DESCOMPENSADO.**
  - *Documentación xustificativa: Informe favorable do profesor/a afectado/a, explicando a problemática.*
- **EXCEPCIONALMENTE** poderanse considerar outros motivos,
  - *Documentación xustificativa: Aquela que acredita o motivo polo que se solicita o cambio de grupo ou outra que, a tenor da administración, se considere necesaria para a debida xustificación do cambio solicitado.*